

ANEXO II

Por parte desta Axencia iniciáronse os trámites para a contratación de persoal laboral temporal, en réxime de interinidade, dun posto de Tremoeiro, grupo IV categoría 25; código ED.A11.00.005.15770.087, no Departamento de Producción Teatral.

Mediante comunicación, do 02/11/2023, o órgano competente para a selección do persoal solicitado de acordo coa normativa vixente, comunicou que non existen integrantes das listas para a cobertura do citado posto, polo que deberase acudir ao procedemento establecido no artigo 7.5 b) do V Convenio Colectivo Único, para cobertura desta praza mediante o sistema establecido no apartado 2 do dito artigo, que establece: *“De non existiren listas elaboradas para o efecto, solicitarase da oficina pública do Servizo Público de Emprego, de xeito xenérico, un mínimo de tres traballadores/as en situación de desemprego, por cada unha das vacantes que se pretenda cubrir. Así mesmo, no taboleiro de anuncios da consellería ou centro de que se trate, daráselle publicidade á citada petición, na que deberá constar o número de prazas, os requisitos a cumprir e o prazo de presentación de instancias co fin de que os/as interesados/as nas vacantes ofertadas poidan participar no proceso selectivo que se realice para o efecto. A composición do órgano de selección será a regulada no artigo 11. O tribunal, unha vez constituído, aprobará as bases da convocatoria que rexerá o proceso de que se trate. Na selección aplicarase o baremo que figura como anexo III do presente convenio”*.

Por todo o exposto nos parágrafos anteriores, esta dirección, no uso das facultades conferidas polo artigo 21 do Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, aprobada polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo

DISPÓN:

1.- A composición do tribunal para a selección de persoal laboral temporal para a cobertura dun posto de traballo do grupo IV, categoría 25, tremoeiro/a, código ED.A11.00.005.15770.087, no Departamento de Producción Teatral é a seguinte:

Presidente/a: María Antón Vilasánchez

Vogal: María José Paredes Rodríguez

Secretario/a: Catalina Anastasia Thomas de Carranza Moreira

2.- Os membros do tribunal deberanse abster de formar parte del ou poderán ser recusados cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.



Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Presidencia da Agadic no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 150/2012, do 12 de xuño, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

O director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

